



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



NORMATIVA PARA OS CAMPIONATOS GALEGOS

TITULO I NORMAS XERAIS

Artigo 1.- Para que un club ou entidade poida organizar un Campionato Galego, as solicitudes deberán ter entrada na secretaría da Federación cunha antelación mínima de 3 meses.

Artigo 2.- Os clubs que soliciten a organización de Campionatos Galegos, deben aportar todos os trofeos en disputa.

Artigo 3.- O prazo de inscrición nos Campionatos Galegos deben de rematar, de ser posible, 15 días antes da celebración, no caso da disputa dun máximo de 2 campionatos simultáneos, e 20 días no caso de que se convocaran simultaneamente 3 ou máis campionatos.

Para poder inscribirse nos campionatos galegos é preciso ter licenza galega ou española en vigor, no intre do peche da inscrición.

Artigo 4.- Para a disputa dunha proba a inscrición mínima deberá ser de 4 equipos, 8 individuais e 8 dobres.

Se nunha proba non se acada o cupo mínimo, faise proba única xuntando masculinos e femininos.

Artigo 5.- En tódolos campionatos o 1º día disputaranse as probas de individuais e dobres, e o 2º día as de equipos, agás cando se disputen dous campionatos ao mesmo tempo. Ningún xogador@ poderá participar en dúas probas de diferentes campionatos o mesmo día.

Artigo 6.- Cando teñan lugar dous campionatos na mesma fin de semana, deben disputarse as probas de individual e dobres do de maior participación ou o de maior categoría e a proba de equipos do outro, o 1º día, e á inversa o 2º día, coa finalidade de que o Xuiz-árbitro aproveite mellor os recursos materiais e humanos.

Artigo 7.- Os cabezas de serie de todas as categorías, designaranse tendo en conta os rankings oficiais galegos, agás a proba de equipos absolutos masculinos e femininos, que se determinará pola categoría e a clasificación oficial nas ligas, no intre de facer o sorteo.

Artigo 8.- Na modalidade de equipos non se permitirá a participación con xogador@s de diferentes clubs, en ningunha categoría.

Artigo 9.- Coa fin de que tanto clubs como participantes sexan coñecedores de antemán do desenvolvemento dos campionatos nos que se inscriben, acordamos que o planing dos mesmos debe se-lo mesmo ao haber cupos de participación, polo que será o Comité Galego de Actividades quen dea as instrucións, de acordo coa presente normativa, aos Xuices-árbitros designados.

Artigo 10.- Os grupos serán preferentemente de 4 en individual e de 3 en equipos. Só no caso de que non se cubra o cupo se poderá facer algún grupo de 3 ou 5 en individual ou de 4 en equipos, ou de xeito excepcional para unha mellor organización da competición.

Os primeiros e segundos clasificados nos grupos de equipos, disputarán os postos do 1 ao 8, os terceiros do 9 ao 12, por eliminatoria, os cuartos quedan eliminados, no caso de haber 4 grupos. De haber 5 grupos de equipos, o xuíz-árbitro determinará por coeficiente ou sorteo que 3 segundos pasan a un cadro de 8, disputando os dous segundos restantes os postos 9 e 10, e os terceiros do 11 ao 15. De haber 3 grupos aplicaríase a norma de catro, con bye para o primeiro do grupo 1 e do grupo 2

Artigo 11.- Aplicaran-se os ranking do circuito galego en sentido estrito.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Artigo 12.- O número máximo de parellas de dobres será o equivalente á metade da inscrición individual, e o número máximo de parellas mixtas, será igual á inscrición feminina.

As probas de dobres masculinos, femininos e mixtos, disputaranse ao mellor de 3 sets ou xogos.

Artigo 13.- Non se disputarán os terceiros e cuartos postos de tódalas probas.

Artigo 14.- Haberá trofeo para os 4 primeiros (campión/a, subcampión/a, e semifinalistas), en todas as categorías, na modalidade de equipos, ademais do trofeo para os equipos, haberá medallas tamén para os xogadores/as.

Artigo 15.- Agás nas categorías benxamin e alevín e veteranos non se permite a participación de xogadoras en equipos masculinos. Na categoría alevín, ter en conta as normas específicas.

Artigo 16.- As probas a convocar en todos os campionatos son: equipos masculinos e femininos, individual masculino e feminino, dobres masculinos, dobres femininos e dobres mixtos.

Artigo 17.- Unha vez publicadas as listaxes e os sorteos definitivos, non se farán cambios, aínda que se comuniquen baixas que afecten a cabezas de serie.

As baixas deberán cursar a súa xustificación documentalmente.

Artigo 18.- A Federación Galega reservase dúas prazas para casos excepcionais e xustificadas, que entrarían dentro dos cupos establecidos.

TITULO II

CAPITULO I

ABSOLUTO

Artigo 19.- Disputarase unha fase de grupos na que participarán os equipos de Superdivisión, División de Honra e Primeira División Nacional, e que sumen un total de 16 equipos masculinos e 8 femininos, de acordo coa clasificación na liga, no intre da convocatoria do campionato.

No caso de non completarse o cupo completariase cos equipos da Segunda División Nacional.

Artigo 20.- O sistema de competición é o de Copa do Mundo en masculino e corbillón en feminino, agás que se cambie o sistema nas ligas femininas. Os equipos estarán formados por un máximo de 5 xogadores e 4 xogadoras, que deberán figurar no formulario de inscrición.

A puntuación do equipo será a suma dos tres xogadores e das dúas xogadoras con mais puntuación.

Artigo 21.- Nas probas individuais os cupos máximos son de 48 xogadores e 24 xogadoras.

Artigo 22.- Ao igual que sucede nas ligas, un xogador, poderá ser inscrito nun equipo do seu clube de superior categoría, tendo en conta o status acadado en liga, no intre da disputa.

Poderase solicitar sempre e cando sexa xustificada (lesión, convocatoria selección, asunto grave, etc.) e que decidirán o Xuiz Único ou o Comité de Competición do Campionato, que será nomeado e comunicado aos clubes participantes.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Non se permitirá en ningún caso a inscrición de xogadores estranxeiros en equipo de categoría superior á que xogan en ligas nin tampouco a ningún xogador/a en equipo diferente ao seu, que sexan da mesma categoría.

CAPITULO II VETERANOS

Artigo 23.- As probas a disputar son:

- ❖ Equipos +40, +50 e femininos
- ❖ Dobres +40, +50, +60 e femininos
- ❖ Individual +40, +50, +60, +65 e feminina

Os cupos máximos de participación nas probas de equipos son: 16 masculinos en +40, 16 masculinos en +50 e 8 femininos.

Artigo 24.- De non disputarse a proba de equipos femininos, os inscritos disputarán a proba de equipos de +50, agás petición unánime dos mesmos de participar na categoría +40.

De darse o caso de que tampouco houbera proba de +50, pasarían todos a +40.

De darse algún dos casos anteriores, para que un equipo de +50 ou feminino poida participar na proba de +40, deben inscribir un terceiro xogador/a. De non ser así, non poderían participar.

O sistema de competición é copa do mundo en +40, e corbillón en +50 e feminino.

Os equipos estarán formados por un máximo de 5 e un mínimo de 3 en +40, e por un máximo de 4 e un mínimo de 5 en +50 e feminino.

Artigo 25.- Os cupos máximos de participación individual son 48 nas masculinas e 24 na feminina. De non poder cubrirse o cupo mínimo nalgunha das probas, as inscritas xogarán na proba de +50, os inscritos en +65 en +60 e éstos na proba de +50, e no caso hipotético que tampouco así houbera proba, faríase unha única proba con todos os inscritos, baixo a denominación de +40.

Artigo 27.- De haber menos de 8 parellas femininas inscritas, pasarían á proba de dobres de +50, e de non haber así ésta, todos na da +40. O mesmo ocurrirá coas parellas de +60.

A proba de dobres mixtos disputarase sempre e cando se dispute a proba individual feminina.

Artigo 28.- Á marxe das condicións anteriores, os xogadores tanto en individual, dobres, como en equipos, poden inscribirse nas probas de categoría superior.

CAPITULO III

SUB-23, XUVENIL, CADETE E INFANTIL

Artigo 29.- Os cupos máximos de participación son 16 equipos masculinos e 8 femininos, e nas probas individuais 48 xogadores e 24 xogadoras.

Artigo 30.- O sistema de competición é copa do mundo para equipos masculinos e corbillón para femininos.

Artigo 31.- Os equipos masculinos estarán formados por un máximo de 5 xogadores e un mínimo de 3 e os femininos por un máximo de 4 e un mínimo de 2.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

CAPITULO IV

ALEVIN, BENXAMIN E PRE-BENXAMIN

Artigo 32.- Na categoría alevín, poden participar equipos mixtos (xogador e xogadora) no caso de que haxa só unha licenza masculina e/ou unha feminina no mesmo clube, que se encadrarán na modalidade de equipos masculinos.

O sistema de competición de equipos é corbillón, cun máximo de de 4 xogadores/as e un mínimo de 2.

O cupo máximo de equipos é 16 e masculino, e inscrición libre en feminino.

Artigo 33.- Os cupos de participación individual na categoría alevín son 48 en masculino e 24 en feminino.

Artigo 34.- Na categoría benxamin a competición de equipos é mixta, entre equipos tanto masculinos, como femininos ou mixtos, sendo a inscrición libre.

As probas individuais na categoría benxamin non teñen cupos.

Artigo 35.- A categoría pre-benxamin, de convocarse, só se disputará en competición individual mixta, sen cupo de participación.

De non convocarse, daráselle un trofeo ao mellor pre-benxamin clasificado e á mellor pre-benxamina clasificada, no campionato benxamin.

CAPITULO V

DISCAPACIDADE FÍSICA E INTELECTUAL

Artigo 36.- O campionato galego de discapacidade física disputarase, de haber o cupo mínimo, nas modalidades de pé e cadeira, tanto en equipos como en individual.

De non haber cupo, a fase de equipos será única entre equipos de pé, cadeira ou mixtos (xogadores de pé e cadeira no mesmo equipo).

O sistema de competición será o corbillón, máximo 4 e mínimo 2 xogadores por equipo.

A competición individual será primeira fase en grupos e eliminatoria na fase final.

Artigo 37.- O campionato de discapacidade intelectual, disputarase na modalidade de individual, masculina e feminina, e equipos, primeira fase en grupos e eliminatoria na fase final.

No caso de non disputarse a proba de equipos, computarán os 3 mellores xogadores e/ou xogadoras de cada entidade, para o premio colectivo por equipos.

Artigo 38.- A participación é aberta para todas as persoas con calquera tipo de discapacidade, que deberán acreditar co seu correspondente certificado oficial. Tamén deberán posuír a súa correspondente licenza federativa ou licenza FEDDF, no caso dos discapacitados físicos, ou licenza FEDDI, no caso dos discapacitados intelectuais.

No caso de non posuír ningunha delas, poderase solicitar xunto coa inscrición neste campionato.

Ferrol a 16 de febreiro de 2014